
2.- EMPREGO

Este segundo capítulo está dedicado ó estudio do emprego na área funcional de Pontevedra. Para levar a cabo este estudio a análise divídise en catro grandes apartados. En primeiro lugar faise referencia á realidade demográfica, como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do Padrón municipal de habitantes con referencia a 1 de xaneiro de 1996, a súa revisión de 1998 e a 1 de xaneiro de 1999. Tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicadas polo Instituto Galego de Estatística: o *Movemento natural da poboación, defuncións e nacementos*, dos anos 1998 e 1999, e a *Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas* publicada no ano 1999.

De seguido, considéranse os datos pro-

prios do mercado de traballo recollidos no Padrón municipal de habitantes con referencia a 1 de maio de 1996, que contén datos explicativos do mercado de traballo como poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada e taxas de ocupación, de paro e actividade, entre outros.


Posteriormente, realízase un estudio da poboación parada rexistrada a partir dos datos recollidos das oficinas de emprego da Xunta de Galicia e, finalmente, adícase un apartado ás medidas activas de emprego, baseado nos datos proporcionados pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Demografía

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a 1 de xaneiro de 1999, a área funcional de Pontevedra estaba habitada

Gráfico 2.1.

Pirámide de poboación da área funcional de Pontevedra



Fonte: INE. Renovación do Padrón Municipal de Habitantes de 1999

por un total de 332.511 persoas; o 36,6% do total da poboación da provincia e o 12,2% do total da Comunidade Autónoma de Galicia. Ó comparar estas ratios cos que se obterían da relación entre a superficie da área funcional, a provincia e Galicia, obsérvase que esta é unha zona moi poboada con respecto a Galicia, debido a que as devanditas proporcións toman valores do 29,7% (inferior ó correspondente á poboación), e do 4,4% (inferior ó 12,2% anterior). Sen embargo unha mellor medida desta alta poboación é a variable densidade de poboación, que mide o número medio de habitantes por quilómetro cadrado.

No gráfico 2.1. pódese observar a pirámide de poboación correspondente á área funcional de Pontevedra, por grupos quinquenais para o ano 1998. Apréciase a estrutura da poboación, onde o grupo de idade maioritario, tanto de homes como de mulleres, é o que corresponde á franxa de entre 20 e 24 anos, o que pode favorecer a evolución positiva da poboación da área. Por

outro lado, obsérvase unha diminución graduada da poboación sobre todo a partir dos 54 anos.

Do **cadro 2.1.** pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que vai dende o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 1999. Neste período, no conxunto da área funcional prodúcese un incremento da poboación do 0,2%. Aínda que as comarcas de Pontevedra e Caldas sufriron unha redución da mesma do 0,5% e do 1%, respectivamente, estas caídas se viron compensadas cos incrementos nas comarcas do Salnés (do 0,6%) e O Morrazo (1,1%). No anexo 1 inclúense as pirámides de poboación das 4 comarcas da área funcional.

Existen importantes diferencias entre as distintas comarcas da área funcional en canto á densidade de poboación. Tendo en conta que a densidade de poboación media de Galicia para 1999 é de 92,1 hab/km² e a da provincia de Pontevedra, de 205,8

Cadro 2.1.
Poboación 1996-99; principais datos

	Padrón 1996		Renovación padrón 1998		Total	Poboación 1999		Variación poboación 1996-99	Taxa incremento poboación 1996-99	Densidade poboación 1996	Densidade poboación 1999 (1)
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres		Poboación 1999	Mulleres				
Área funcional Pontevedra	331.971	171.827	331.650	171.727	332.511	171.727	540	0,16	252	252,7	
Pontevedra	160.144	60.311	159.923	59.927	114.145	59.927	-569	-0,50	183,9	182,3	
O Sainés	54.403	53.022	50.245	53.211	103.808	53.211	630	0,61	388,2	390,3	
O Morrazo	38.422	39.826	38.661	40.075	79.102	40.075	854	1,09	575,9	581,6	
Caldas	17.163	18.668	17.000	18.514	35.456	18.514	-375	-1,05	124,1	123,1	
Provincia Pontevedra	915.104	476.006	906.298	471.917	908.803	471.917	-6.301	-0,69	204,5	205,8	
Galicia	2.742.622	1.320.347	2.724.544	1.310.415	2.730.337	1.414.129	-12.285	-0,45	92,7	92,1	
Área funcional / Provincia	36,3	36,1	36,6	36,4	36,6	36,4					
Área funcional / Galicia	12,1	12,1	12,2	12,1	12,2	12,1					

(1) As densidades de poboación de 1999 están calculadas segundo Poboación 1999 / Superficie (apartir do Padrón 1996)

Fonte: IGE

Cadro 2.2. *Movemento natural da poboación 1998-99*

	1998			1999			1999-98		
	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Área funcional de Pontevedra	2.761	2.958	-197	2.867	2.952	-85	3,8	-0,2	-56,9
Pontevedra	912	1.046	-134	969	994	-25	6,3	-5,0	-81,3
O Salmés	871	927	-56	917	954	-37	5,3	2,9	-33,9
O Morrazo	701	599	102	699	651	48	-0,3	8,7	-52,9
Caldas	277	386	-109	282	353	-71	1,8	-8,5	-34,9
Provincia Pontevedra	7.077	7.879	-802	7.362	8.073	-711	4,0	2,5	-11,3
Galicia	18.538	28.085	-9.547	18.684	28.974	-10.290	0,8	3,2	7,8

Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación: Nacementos e Movemento Natural da Poboación: Defuncións

hab/km², na área funcional destaca pola importancia desta variable a comarca do Morrazo, cunha densidade de poboación de 581,6 hab/km². Dun xeito xeral, as catro comarcas da área están por riba da media de densidade de poboación de Galicia. Sen embargo, as comarcas de Pontevedra e Caldas son as dúas únicas que se atopan por debaixo da media provincial, con densidades de 182,3 e 123,1 hab/km², sendo esta última a menos densamente poboada da área funcional. No que respecta á porcentaxe de poboación que representa cada comarca dentro da área funcional, destaca Pontevedra co 34,3% do total, e, no extremo oposto, Caldas, co 10,6% do total da área.

En canto á variación que se produce no total da poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, diferenza entre os nacementos e as defuncións, os datos do movemento natural da poboación para os anos 1998 e 1999, recollidos no **cadro 2.2.**, amosan que a nota común é un maior número de defuncións que nacementos, co que este saldo vexetativo negativo, contribuíu ó descenso da poboación nas diferentes comarcas.

No ano 1999 rexistráronse na área funcional de Pontevedra un total de 2.867 nacementos, un 3,8% máis que no ano anterior, e 2.952 defuncións, un 0,2% menos que en 1998, co que se produciu unha diminución do saldo vexetativo, que pasou de -197 en 1998 a -85 en 1999.

Comparando cos datos correspondentes ó total provincial e autonómico, a área funcional de Pontevedra presenta a mesma característica de saldo vexetativo negativo.

Sen embargo, a diferenza do que ocorre a nivel provincial e autonómico, o número de defuncións na área funcional reduciuse respecto a 1998, en especial nas comarcas de Pontevedra e Caldas, o que contribúe a suaviza-lo saldo vexetativo, que, como xa se expuxo, segue sendo negativo a pesar do devandito incremento do 3,8% no número de nacementos, incremento inferior ó provincial (4%) pero moi superior ó total de Galicia (0,8%).

En 1999, tódalas comarcas da área, agás O Morrazo, presentan un saldo vexetativo negativo. Sen embargo, no período 1998-1999 este saldo negativo suavizouse en tódalas comarcas, incrementándose o número de nacementos. A excepción foi a comarca do Morrazo, que pasou dun saldo vexetativo positivo de 102 persoas en 1998 a un saldo de 48 persoas en 1999. O incremento no número de nacementos pode ser unha das consecuencias da estrutura da pirámide de poboación antes analizada.

Atendendo ó **cadro 2.3.**, segundo datos do Padrón municipal de habitantes de 1996, contabilizáronse na área funcional un total de 771 núcleos de poboación, entendendo por tal os conxuntos de polo menos dez edificacións formando rúas, prazas e outras vías urbanas, e 1.852 entidades de poboación, sendo estas calquera parte habitable do termo municipal diferenciada dentro do mesmo. Comparando estas cifras coas recollidas polo Censo de 1991, conséntase que no conxunto da área funcional incrementábase o número de núcleos de poboación, que pasa de 711 en 1991 a 771 en 1996, un 8,4% máis. No que respecta ás entidades de poboación produciuse un incremento do

Cadro 2.3.

Núcleos e entidades singulares de poboación 1991-96

	1991		1996		1996-91	
	Núcleos de poboación	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Entidades singulares	Núcleos de poboación %	Entidades singulares
Área funcional Pontevedra	711	1.773	771	1.852	8,4	4,5
Pontevedra	241	649	303	705	25,7	8,6
O Salnés	257	550	257	551	0,0	0,2
O Morrazo	49	197	47	219	-4,1	11,2
Caldas	164	377	164	377	0,0	0,0
Provincia Pontevedra	2.182	6.088	2.301	6.239	5,5	2,5
Galicia	9.955	29.179	10.505	30.190	5,5	3,5

Fonte: IGE

Cadro 2.4.

Clasificación dos concellos da área funcional segundo o seu número de habitantes

	< 5.000 hab	10.000 > hab	> 5.000	>10.000 hab	> 20.000 hab	Total
Pontevedra	8.880	17.391		13.802	73.871	113.944
Barro	3.540	-	-	-	-	3.540
Campo Lameiro	2.384	-	-	-	-	2.384
Cotobade	-	5.012	-	-	-	5.012
Lama (A)	2.956	-	-	-	-	2.956
Poio	-	-	-	13.802	-	13.802
Ponte Caldelas	-	6.648	-	-	-	6.648
Pontevedra	-	-	-	-	73.871	73.871
Vilaboa	-	5.731	-	-	-	5.731
O Salnés	9.033	10.452		50.247	33.724	103.456
Cambados	-	-	-	12.918	-	12.918
Grove (O)	-	-	-	10.985	-	10.985
Illa de Arousa (A)	4.828	-	-	-	-	4.828
Meaño	-	5.451	-	-	-	5.451
Meis	-	5.001	-	-	-	5.001
Ribadumia	4.205	-	-	-	-	4.205
Sanxenxo	-	-	-	15.964	-	15.964
Vilagarcía de Arousa	-	-	-	-	33.724	33.724
Vilanova de Arousa	-	-	-	10.380	-	10.380
O Morrazo	-	-		30.157	48.579	78.736
Bueu	-	-	-	12.484	-	12.484
Cangas	-	-	-	-	23.235	23.235
Marín	-	-	-	-	25.344	25.344
Moaña	-	-	-	17.673	-	17.673
Caldas	14.124	21.390		-	-	35.514
Caldas de Reis	-	9.369	-	-	-	9.369
Catoira	3.541	-	-	-	-	3.541
Cuntis	-	5.733	-	-	-	5.733
Moraña	4.402	-	-	-	-	4.402
Pontecesures	2.963	-	-	-	-	2.963
Portas	3.218	-	-	-	-	3.218
Valga	-	6.288	-	-	-	6.288
Área funcional Pontevedra	32.037	49.233		94.206	156.174	331.650
Provincia Pontevedra	66.710	124.756		204.321	510.511	906.298
Área funcional/ provincia %	48,02	39,46		46,11	30,59	36,59

Fonte: IGE.Revisión do Padrón municipal de habitantes 1998.

4,5%, pasando de 1.773 en 1991 a 1.852 en 1996. Desde un punto de vista comarcal, en tódalas comarcas da área funcional produciuse un incremento no número de entidades de poboación. Sen embargo, no que respecta os núcleos de poboación a evolución non é homoxénea: así, as comarcas de Caldas e O Salnés manteñen o mesmo número de núcleos de poboación no período, 164 e 257, respectivamente; a comarca de Pontevedra incrementa o seu número, pasando de 241 en 1991 a 303 en 1996; e a comarca do Morrazo diminúe, pasando de 49 núcleos de poboación en 1991 a 47 en 1996.

Seguindo coa análise poboacional, resulta de interese estudar, pola súa repercusión en termos socioeconómicos, a dispersión ou concentración da poboación. Como non existe un indicador claro deste fenómeno e por dispoñer só de datos desagregados ata o nivel municipal, optouse por face-lo estudio da poboación que vive en núcleos de menos de 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000, de máis de 10.000 e de máis de 20.000 habitantes, é dicir, a poboación que, dada a estrutura da área funcional de Pontevedra, vive concentrada en agrupacións consideradas como significativas.

O **cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos para o ano 1998, polo que resulta necesaria a súa comparación co volume total de poboación en cada comarca.

En primeiro lugar, a porcentaxe de poboación residente en concellos de menos de 5.000 habitantes na área funcional é o 9,66%. A nivel comarcal, as comarcas de Pontevedra e O Salnés, con porcentaxes do 7,79% e do 8,73% da poboación, seguen a

liña marcada pola media da área funcional, mentres que a comarca de Caldas, co 39,77%, por un lado, e a comarca do Morrazo, co 0%, por outro, sepáranse amplamente da citada media.


No que respecta a poboación residente en concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes, a media da área funcional sitúase no 14,84%. A porcentaxe da comarca de Pontevedra é do 15,26%, a comarca do Salnés ten un 10,1% da súa poboación residindo nos concellos enmarcados nesta categoría, mentres que Caldas ten o 60,23% da súa poboación e o Morrazo, o 0%.

En relación a poboación residente en municipios de máis de 10.000 habitantes e menos de 20.000, a media da área funcional sitúase no 28,41%. As porcentaxes das diferentes comarcas son moi dispares: Pontevedra, o 12,11%; O Salnés, o 48,57%; Caldas, o 38,3%; e O Morrazo, o 61,7%.

Por último, a poboación residente en municipios de máis de 20.000 habitantes está concentrada en catro municipios da área funcional: Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Cangas e Marín. Isto supón que a media da área funcional se sitúe no 47,09% da poboación total.

En termos comarcais, no caso de Pontevedra o 64,83% da poboación total da comarca reside no concello de Pontevedra, na comarca do Salnés o 32,6% da poboación reside no concello de Vilagarcía de Arousa, e na comarca do Morrazo o 61,7% da poboación reside nos concellos de Marín e Cangas. Todos estes concellos teñen máis de 20.000 habitantes.

Gráfico 2.2.



Fonte: IGE. Renovación do Padrón municipal de habitantes de 1998

Como complemento destes datos, o **gráfico 2.2.** ven amosar dun xeito sinxelo a concentración da poboación. Nel poden observarse con claridade as características e trazos comentados.

No que respecta ós **movementos migratorios** dentro da área funcional, poden distinguirse catro formas de conceptualizarlo fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 2.5.** recolle datos a nivel municipal a excepción da emigración exterior (baixas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran como consecuencia da saída de residentes para o estranxeiro), ó non coñecerse a nivel municipal.

No eido da inmigración interior, é dicir, as altas no Padrón de Habitantes que se rexistran nos concellos como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes

doutros concellos, é importante salientar que no ano 1998 son os concellos con maior número de habitantes na área funcional os que reciben un maior volume de inmigración interior. Destaca o concello de Pontevedra, con 1.584 individuos, seguido de Marín, con 522 novos inscritos. Sen embargo, son tamén estes mesmos concellos os que presentan un maior volume de emigración interior, é dicir, de saídas de residentes cara outros concellos.

En relación á inmigración exterior –altas no Padrón Municipal de Habitantes como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro–, o conxunto da área funcional acolleu no ano 1998 a 594 novos estranxeiros, destacando a comarca do Salnés, co 43,2% das incorporacións, e Pontevedra, co 30%. A nivel municipal foron os concellos de Vilagarcía de Arousa (15% do total da área funcional) e Pontevedra (14,8% do total da área funcio-

Cadro 2.5.

Movements migratorios

	Inmigración interior	Inmigración exterior	Emigración interior	Saldo migratorio	Taxa migración
Área funcional	5.567	594	6.324	-163	-34
Pontevedra	2.157	179	2.470	-134	-21,36
Barro	32	8	57	-17	-4,8
Campo Lameiro	22	5	36	-9	-3,78
Cotobade	41	4	117	-72	-14,37
Lama (A)	58	17	64	11	3,72
Poio	274	39	337	-24	-1,74
Ponte Caldelas	100	20	114	6	0,9
Pontevedra	1.584	88	1.684	-12	-0,16
Vilaboa	78	6	118	-34	-5,93
O Salnés	1.664	257	1.847	74	1
Cambados	211	26	232	5	0,39
Grove (O)	130	22	130	22	2
Illa de Arousa (A)	58	26	35	49	10,15
Meaño	44	10	87	-33	-6,05
Meis	68	13	114	-33	-6,6
Ribadumia	76	9	63	22	5,23
Sanxenxo	237	32	283	-14	-0,88
Vilagarcía de Arousa	656	90	623	123	3,65
Vilanova de Arousa	184	29	280	-67	-6,45
O Morrazo	1.104	82	1.277	-91	-8,44
Bueu	114	11	187	-62	-4,97
Cangas	351	32	299	84	3,62
Marín	522	28	509	41	1,62
Moaña	117	11	282	-154	-8,71
Caldas	642	76	730	-12	-5,92
Caldas de Reis	188	23	181	30	3,2
Catoira	66	4	95	-25	-7,06
Cuntis	100	15	114	1	0,17
Moraña	43	11	78	-24	-5,45
Pontecesures	86	10	91	5	1,69
Portas	57	4	52	9	2,8
Valga	102	9	119	-8	-1,27
Total Prov. Pontevedra	14.432	2.253	16.067	618	0,68
Total C.A. Galicia	51.709	6.850	55.283	3.276	1,2

Fonte: Anuario social La Caixa 2001.

nal) os que máis residentes estranxeiros reciben do conxunto da área. Pola súa banda, a área funcional recibiu o 26,3% dos residentes estranxeiros da provincia de Pontevedra no dito ano.

Unha vez analizados estes indicadores, obsérvase como o saldo migratorio, é dicir, o resultado de restar ós dous tipos de inmigración a emigración interior, é negativo tanto no conxunto da área funcional como nas diferentes comarcas que a compoñen a

excepción da comarca do Salnés, onde este saldo foi positivo en 74 individuos. Isto foi debido ó saldo migratorio positivo dos concellos de Vilagarcía de Arousa (123), A Illa de Arousa (49), O Grove (22) e Ribadumia (22) e Cambados (5).

Co obxecto de completar os datos anteriores, o **cadro 2.6.** describe a distribución da poboación segundo o seu lugar de nacemento. Os diferentes municipios da área funcional atópanse en torno á media galega

Cadro 2.6.

Distribución da poboación segundo o lugar do nacemento

	% nados mesmo municipio	% nados noutro municipio da súa CA	% nados noutros CCAA	% nados país estranxeiro
Pontevedra				
Barro	73,0	23,8	1,4	1,8
Campo Lameiro	76,3	19,8	1,1	2,9
Cotobade	68,2	26,6	2,2	3,0
Lama (A)	67,7	15,7	3,0	13,6
Poio	54,3	38,9	4,0	2,8
Ponte Caldelas	78,7	12,9	2,6	5,8
Pontevedra	63,4	27,4	6,3	2,9
Vilaboa	74,5	21,8	1,5	2,1
O Salnés				
Cambados	79,5	16,8	1,7	2,0
Grove (O)	81,4	13,8	2,4	2,4
Illa de Arousa (A)	87,2	8,8	1,1	2,9
Meaño	78,4	18,8	0,6	2,2
Meis	75,6	20,7	1,3	2,3
Ribadumia	68,9	27,5	1,2	2,4
Sanxenxo	78,3	17,0	2,0	2,7
Vilagarcía de Arousa	66,6	25,7	4,8	2,9
Vilanova de Arousa	77,8	19,2	1,0	2,0
O Morrazo				
Bueu	83,6	13,8	1,7	1,0
Cangas	80,0	17,4	1,7	0,9
Marín	68,0	24,9	5,5	1,6
Moaña	87,0	10,5	1,3	1,3
Caldas				
Caldas de Reis	76,0	20,6	1,9	1,5
Catoira	77,2	19,7	1,8	1,3
Cuntis	82,1	14,1	1,1	2,7
Moraña	78,7	17,7	1,4	2,2
Pontecesures	60,6	35,2	2,5	1,7
Portas	73,3	23,4	1,5	1,8
Valga	78,8	18,1	1,6	1,5
Total Prov. Pontevedra	69,6	22,9	4,1	3,4
Total C.A. Galicia	65,2	27,0	4,4	3,4

Fonte: Anuario social La Caixa 2001

na porcentaxe de residentes nados no mesmo municipio (65,2%), a excepción do concello de Poio, onde esta porcentaxe se sitúa no 54,3%, por debaixo da media galega e por debaixo da media da provincia de Pontevedra, o 69,6%. Este concello é tamén o que posúe unha maior porcentaxe de residentes nados noutro municipio da comunidade autónoma, o 38,9%, fronte á media galega, que se sitúa no 22,9%, e á media da provincia de Pontevedra, que é do 27%.

Actividade e ocupación

Segundo datos do Padrón municipal de habitantes de 1996, a poboación maior de 16 anos na área funcional de Pontevedra ascen-

deu a 271.273 persoas, o 35,9% da poboación maior de 16 anos da provincia de Pontevedra e o 11,7% da galega.

Dos 271.273 habitantes de máis de 16 anos, 127.757 persoas compuñan a **poboación activa** (85.815 homes e 45.242 mulleres) e 143.516 eran considerados como inactivos (**cadro 2.7.**).

Tendo en conta a distribución comarcal da poboación activa, obsérvanse as seguintes porcentaxes:

- A comarca de Pontevedra acolle o 34,8% da poboación activa da área funcional, sendo o 37,1% da mesma poboación

feminina e o 62,8% masculina. O 21,7% da poboación activa da comarca de Pontevedra é poboación parada e o 78,3%, ocupada. Dentro da poboación parada da comarca, o 44,2% son mulleres, mentres que só o é o 35,1% da poboación ocupada.

- A comarca do Salnés acolle o 32,3% da poboación activa da área funcional, da que o 36,3% son mulleres. A porcentaxe de poboación parada dentro da comarca é do 27,2%, sendo o 43,1% deste colectivo mulleres. O 72,7% da poboación activa da comarca do Salnés é poboación ocupada e dentro desta categoría só o 33,7% son mulleres, fronte ó 66,2% de homes.

- No que respecta á comarca do Morrazo, nela encóntrase o 22,1% da poboación activa da área funcional, da que o 32% son mulleres, representando as mesmas o 46,6% da poboación parada e o 27% dos ocupados da comarca.

- A comarca de Caldas acolle o 16,7% da poboación activa da área funcional, da que o 34% son mulleres. As mulleres representan tamén o 43,5% da poboación parada e o 30,7% da poboación ocupada da comarca.

A poboación ocupada na área funcional de Pontevedra ascendeu en 1996 a 96.188 persoas, o 35,3% da poboación ocupada da provincia de Pontevedra e o 11,6% do total da poboación ocupada galega. Deses 96.188 ocupados, 64.938 eran homes e 31.250, mulleres.

Atendendo á distribución por sectores económicos desta poboación ocupada, destacan o sector servicios, que acolle ó 50,5%

dos ocupados, e a industria, que engloba ó 18,9% da mesma.

A poboación ocupada da área funcional considerada está orientada, o igual que acontece para o conxunto de Galicia, ó sector servicios. En 1996, como xa se citou, o 50,5% dos ocupados da área funcional pertencían ó sector servicios, fronte ó 51,9% no caso de Galicia. Esta homoxeneidade no peso no mercado de traballo do sector servicios na área funcional e en Galicia mantense para tódolos demais sectores: o sector primario acolle ó 17% da poboación ocupada, da que o 12,5% pertence ó subsector pesqueiro e o 4,5% restante ó subsector agrícola; a industria acolle ó 18% e o sector da construción, o 13% da poboación ocupada na área funcional, porcentaxes moi similares ás de Galicia no seu conxunto, que son do 16%, 19% e 11% para cada un dos sectores citados. Existe, sen embargo, unha diferenza en canto á contribución dos subsectores pesqueiro e agrícola ó sector primario, xa que a nivel galego as porcentaxes de ocupación son do 4% e do 12% da poboación ocupada total, respectivamente.

Comparando esta situación coa da provincia de Pontevedra, a área funcional analizada presenta unha maior incidencia no caso do sector primario (o 12,4% do ocupados da provincia de Pontevedra están neste sector), en tanto que o sector industrial acolle a un menor número de ocupados na área funcional que na provincia, onde a porcentaxe é do 22,9%. No que respecta a construción e ó sector servicios, a incidencia é homoxénea en ámbolos dous espazos.

Desagregando a análise sectorial por

comarcas, nas catro comarcas que compoñen a área funcional o sector servicios engloba o maior número de poboación ocupada, con porcentaxes comprendidas entre o 40% da comarca de Caldas e o 62,8% da comarca de Pontevedra. O segundo sector en importancia a este respecto, en tódalas comarcas da área funcional, é o sector industrial, agás na comarca do Morrazo onde este lugar está ocupado polo sector primario e fundamentalmente polo subsector pesqueiro (**anexo 3**).

As porcentaxes de poboación ocupada nos distintos sectores económicos reflexan a existencia de estruturas diferenciadas nas catro comarcas que compoñen a área funcional de Pontevedra. Así, na comarca de Pontevedra as porcentaxes de ocupación por sectores son as seguintes: dos 33.488 ocupados, o 7,7% o está no sector primario, o 16,5% na industria, o 12,8% na construción e o 62,8% no sector servicios. A distribución na comarca do Salés é a seguinte: o 19,8% dos ocupados pertencen ó sector primario, o 19,6% á industria, o 13,6% á construción e o 45,9% ó sector servicios, incrementándose polo tanto a participación no total do sector primario en detrimento do sector servicios, en comparación ca comarca de Pontevedra. Na comarca do Morrazo, dos 21.175 ocupados, o 31,4% corresponden ó sector primario, dos que o 95% están ocupados no subsector pesqueiro. Esta é a porcentaxe de ocupación no sector primario máis elevada da área funcional. As porcentaxes de ocupación nos restantes sectores na comarca son as seguintes: o 17,7% na industria, o 8,9% na construción e o 41,8% no sector servicios. Por último, a comarca de Caldas presenta a seguinte distribución da súa poboación

ocupada, que ascende a 10.083 persoas: o 12,1% están ocupados no sector primario, o 27,4% na industria, o 20,5% na construción e o 29,9% no sector servicios.

Nunha análise pormenorizada da poboación ocupada con respecto á **situación profesional**, conséntase que o colectivo máis importante corresponde ós traballadores asalariados, o 67,3% da poboación ocupada da área funcional de Pontevedra. Séguenlle en importancia os traballadores por conta propia que non empregan persoal, co 15,1% da poboación ocupada (**anexo 4**).

Comparando coa distribución no caso de Galicia, é salientable o feito de que, aínda que a distribución da poboación ocupada segundo a situación profesional na área funcional segue a mesma orde en canto ós colectivos máis numerosos, as porcentaxes dos mesmos sobre o total en ámbolos dous casos discrepan. Así, as porcentaxes de asalariados totais e de traballadores por conta propia que non empregan persoal en Galicia son do 71,1% e do 20,7%, respectivamente. Polo tanto, o peso relativo dos traballadores por conta propia que non empregan persoal na área funcional é maior que no caso galego.

A nivel comarcal, a distribución da poboación ocupada mantén a mesma liña que no total da área funcional, agás na comarca de Caldas, onde o número de asalariados eventuais supera en 210 persoas ós asalariados fixos.

A desagregación a nivel comarcal da poboación ocupada segundo a súa situación profesional permite facer unha comparación

das porcentaxes de cada unha das catro comarcas que compoñen a área funcional. Neste senso, a comarca de Pontevedra presenta a seguinte distribución: o 5,5% da poboación ocupada son traballadores por conta propia que empregan persoal, fronte ó 6,2% da comarca do Salnés, ó 4,3% da comarca do Morrazo e ó 4,3% da comarca de Caldas; o 11,3% da poboación ocupada son traballadores por conta propia que non empregan persoal, fronte ó 22% da comarca do Salnés, ó 12% da comarca do Morrazo e ó 18,4% da comarca de Caldas; por último, o 76,4% da poboación ocupada da comarca de Pontevedra son asalariados, fronte ó 69,2% da comarca do Salnés, ó 81,6% da comarca do Morrazo e ó 75,5% da comarca de Caldas.

A poboación parada ascendeu en 1996 a 31.569 persoas, das que 13.992 eran mulleres (o 44%). Desagregando por sectores de actividade económica, no sector servicios existían en 1996 no conxunto da área funcional de Pontevedra un total de 9.175 persoas paradas, o 29% do total, e a industria englobaba a 5.307 parados, o 16,8% do total (**anexo 5**). Cómpre salientalo colectivo “sen emprego anterior”, que estaba formado por 10.153 persoas, das que o 56,6% eran mulleres.

A distribución sectorial relativa da poboación parada na área funcional é semellante á galega, agás no sector da pesca, onde a porcentaxe de parados na área funcional é tres veces superior á porcentaxe para o total de Galicia.

Por comarcas, o Salnés aglutina ó 36% dos parados totais da área funcional. Así

mesmo, e no que respecta á distribución sectorial dos mesmos, é salientable o feito de que en tódalas comarcas da área funcional o colectivo de parados máis numeroso pertence a categoría “sen emprego anterior”, con porcentaxes que oscilan entre o 29% e o 34%. A esta categoría séguelle en importancia o sector servicios, cunha porcentaxe de parados que vai do 24% na comarca do Morrazo ó 33,5% na comarca de Pontevedra.

A desagregación a nivel comarcal da poboación parada en función dos diferentes sectores de actividade económica permite observar dun xeito comparado as porcentaxes de paro por sectores en cada unha das catro comarcas que compoñen a área funcional. Neste senso, dos 9.636 parados da comarca de Pontevedra, o 4,1% pertencen ó sector primario, o 12,8% á industria, o 15,3% á construción, o 33,5% ó sector servicios e ó 34,1% ó colectivo de sen emprego anterior. Este último é o máis numeroso en tódalas comarcas. Na comarca do Salnés o volume de poboación parada ascendeu no ano 1996 a 11.262 persoas, das que o 6,1% pertencían ó sector primario, o 18,4% á industria, o 15,9% ó sector da construción, o 29,2% o sector servicios e o 30,2% o colectivo de sen emprego anterior. A comarca do Morrazo rexistraba un paro no ano 1996 de 7.078 persoas, das que o 14,8% correspondían ó sector primario –o 95,7% das mesmas pertencían ó subsector da pesca–, o 16,9% dos parados da comarca pertencían á industria, o 9,5% á construción, o 24,6% ó sector servicios e o 33,9% ós sen emprego anterior. Por último, a comarca de Caldas contaba en 1996 con 3.593 persoas paradas, das que o 3,7% pertencían o sector primario, o 22% á industria, o 19,5% á

construcción, o 25,2% ó sector servicios e o 29,3% o colectivo de sen emprego anterior.

Ó comparar nos distintos ámbitos xeográficos as taxas de actividade e as taxas de ocupación referentes ó ano 1996, que se recollen no **cadro 2.8.**, pódese observar como en tódalas comarcas da área funcional son maiores as taxas masculinas que as femininas. No total da área funcional, a taxa de actividade, 38,5%, é inferior á da provincia, 47,13%, e inferior tamén á taxa de actividade para o total de Galicia, 45,4%. No caso das mulleres a taxa de actividade na área funcional acada un 26,3%, mentres a dos homes é dun 51,5%

As comarcas que presentan unha maior e menor taxa de actividade son O Salnés e O Morrazo, co 40% e o 36,1%, respectivamente. A nivel municipal destaca o concello do Grove, cunha taxa de actividade do 59,1%. No extremo oposto está o concello da Lama, cunha taxa de actividade do 38,1%.

A taxa de ocupación da área funcional de Pontevedra, 29%, é inferior á correspondente ó total da provincia, 29,7%, e á de Galicia, 35,7%. A maior taxa de ocupación aparece na comarca de Pontevedra, 30,4%, seguida do Salnés, 29,1%, mentres a comarca do Morrazo é a que presenta unha menor taxa, 27,1%.

Na área funcional hai sete concellos que presentan unha taxa de ocupación superior á galega, que son, por orde decrecente, O Grove, Pontevedra, Cambados, Poio, Vilaboa, Cuntis e Sanxenxo. Todos estes municipios, agás Poio, rexistran taxas de

ocupación femininas superiores á galega.

A taxa de paro da área funcional de Pontevedra, 32,8%, é superior tanto á da provincia de Pontevedra como á correspondente ó total de Galicia, 23,6% e 21,3%, respectivamente. A comarca cunha maior taxa de paro é O Salnés, co 27,3%, e a de menor taxa de paro Pontevedra, co 21,6%. En canto á distribución por sexos, en tódalas comarcas que compoñen a área funcional a taxa de paro feminina é superior á masculina.

Atendendo ós datos municipais recollidos nos anexos, só existen cinco concellos na área funcional que teñen unha taxa de paro inferior á galega: Vilaboa, Portas, Meis, Bueu e Pontevedra. Todos eles presentan taxas de paro próximas ó 20%.

Paro rexistrado

Segundo o **cadro 2.9.**, no que aparecen reflectidos os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia para os anos 1999 e 2000, o paro rexistrado na área funcional de Pontevedra a 31 de decembro do ano 2000 ascendeu a 18.222 desempregados, 646 menos que no ano anterior, o que significa unha diminución do 3,4%, porcentaxe inferior o do total da provincia de Pontevedra, que foi de 8,2%, aínda que superior ó que corresponde o total de Galicia no mesmo período, que foi do 0,1%.

Este descenso do desemprego apréciasse en tódalas comarcas da área funcional, tanto en termos absolutos como relativos, agás na comarca do Salnés, onde o paro rexistrado aumentou en ámbolos dous casos. O maior descenso en termos absolutos pro-

Cadro 2.9.

Paro rexistrado 1999-2000 ⁽¹⁾

	1999	2000	2000/1999	
			(número)	(%)
Área funcional de Pontevedra	18.868	18.222	-646	-3,4
Caldas	2.163	1.965	-198	-9,2
O Morrazo	4.108	3.881	-227	-5,5
Pontevedra	5.499	5.262	-237	-4,3
O Salnés	7.098	7.114	16	0,2
Provincia de Pontevedra	54.286	49.858	-4.428	-8,2
Galicia	142.382	142.216	-166	-0,1
Area Funcional / Galicia	13,3	12,8		
Area Funcional / Provincia	34,8	36,5		

(1) datos do mes de decembro de cada ano

Fonte: IGE

Cadro 2.10.

Paro rexistrado a 31-12-2000: distribución segundo sectores productivos

	Total	Agricultura e gandería	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Paro total/ poboación
Área funcional de Pontevedra	18.222	793	3.329	1.895	8.647	3.558	5,5
Pontevedra	5.262	148	742	569	2.518	1.285	4,6
O Salnés	7.114	211	1.507	724	3.503	1.169	6,9
O Morrazo	3.881	378	647	279	1.921	656	4,9
Caldas	1.965	56	433	323	705	448	5,5
Provincia de Pontevedra	49.195	1.608	10.166	4.702	23.575	9.144	5,4
Galicia	142.216	3.907	25.358	17.752	68.388	26.811	5,2
Área Pontevedra/ Galicia	12,8	20,3	13,1	10,7	12,6	13,3	-
Área Pontevedra/ Pontevedra.	37,0	49,3	32,7	40,3	36,7	38,9	-

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia, INEM.

Cadro 2.11.

Paro rexistrado a 31-12-2000: distribución segundo grupos de idade

	Total	Menores de 25 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Pontevedra	18.222	971	2.229	3.200	5.797	9.225	15.022
Pontevedra	5.262	227	662	889	1.718	2.655	4.373
O Salnés	7.114	400	900	1.300	2.183	3.631	5.814
O Morrazo	3.881	212	425	637	1.222	2.022	3.244
Caldas	1.965	132	242	374	674	917	1.591
Provincia de Pontevedra	49.858	2.801	5.673	8.474	16.469	24.915	41.384
Galicia	142.216	7.294	14.536	21.830	51.255	69.131	120.386
Área Pontevedra/Galicia	12,8	13,3	15,3	14,7	11,3	13,3	12,5
Área Pontevedra/ Pontevedra	36,5	34,7	39,3	37,8	35,2	37,0	36,3

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta e INEM.

dúcese na comarca de Pontevedra, con 237 desempregados menos no período. Sen embargo, en termos relativos é a comarca de Caldas a que experimentou un maior descenso, cunha porcentaxe do 9,2%.

Ó compara-lo paro rexistrado na área funcional co total do paro rexistrado na provincia e co da comunidade autónoma, obsérvase que no primeiro caso aumentou no período de tempo considerado, pasando do 34,8% ó 36,5%, mentres que a porcentaxe de paro rexistrado na área funcional respecto ó total de Galicia diminuíu, pasando do 13,3% ó 12,8% nese período.

No **cadro 2.10.** recóllense os datos do paro rexistrado no ano 2000 desagregados por sectores productivos. Destes datos dedúcese de forma inmediata que, ó igual que ocorre no conxunto de Galicia, a maior parte do desemprego rexistrado nas diferentes comarcas prodúcese no sector servicios, con 8.647 desempregados, o 47,5% do desemprego total da área funcional. Para a provincia esta proporción é do 47,9% e para Galicia, do 48%. O segundo colectivo cun maior número de desempregados dentro da área funcional é o dos clasificados como “sen emprego anterior”, que no total da área funcional eran 3.558 a 31 de decembro de 2000. Case o 70% dos mesmos viven nas comarcas de Pontevedra e O Salnés.

Neste mesmo cadro faise unha comparación entre o paro total e a poboación para a área funcional, a provincia e Galicia. Tanto para a área funcional como para o total da provincia, este rateo presenta valores próximos, 5,5 e 5,4, pero o cociente é inferior para Galicia, cun valor de 5,2.

Desagregando o estudio por sexo e grupos de idade, segundo o **cadro 2.11.**, tanto no grupo de menores de 25 anos como no grupo de outras idades, o volume de mulleres desempregadas é superior ó de homes en tódalas comarcas sen excepción. A comarca que presenta un maior número de desempregados de menos de 25 anos é a do Salnés, con 1.300 individuos, o que representa o 18% do paro rexistrado total da comarca. Esta comarca é tamén a que ten un maior número de desempregados do resto de idades, con 5.814 persoas.

Medidas activas de emprego

Ó longo do ano 2000 realizáronse na área funcional de Pontevedra un total de 132 cursos do Plan FIP, ós que asistiron 2.119 alumnos, cunha media de 16 alumnos por curso. Tal como se recolle no **cadro 2.12.**, a comarca de Pontevedra foi a que acolleu un maior número de cursos, con 76, ós que asistiron unha media de 15,9 alumnos por curso. En segundo lugar está a comarca do Salnés, con 28 cursos (16,3 alumnos de media). A comarca cun menor número de cursos é a de Caldas, con 8 e 15 alumnos de media por curso.

Comparando coa programación do plan FIP realizada na provincia de Pontevedra e no total da comunidade autónoma de Galicia, na área funcional de Pontevedra realizáronse o 23% e o 8% respectivamente, do total de cursos, ós que asistiron o 23,4% e o 8,1% do total de alumnos, respectivamente. O orzamento total para a realización de cursos na área funcional foi de 438,05 millóns de pesetas, o que significa o 19,2% do orzamento dedicado no conxunto da pro-

Cadro 2.12.

Programación FIP 2000: cursos, alumnos e orzamentos

	<u>Cursos</u>	<u>Alumnos</u>	<u>Orzamentos</u>
Área funcional de Pontevedra	132	2.119	438.055.750
Pontevedra	76	1.215	281.286.415
O Salnés	28	458	13.717.035
O Morrazo	20	325	108.895.275
Caldas	8	121	34.157.025
Provincia de Pontevedra	572	9.049	2.281.339.702
Galicia	1.642	26.119	7.301.175.032

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Cadro 2.13.

Ofertas de emprego recibidas polo Servicio Galego de Colocación 1999: distribución sectorial

	<u>Agrario</u>	<u>Construcción</u>	<u>Industria</u>	<u>Servicios</u>	<u>Licenciados/ Diplomados</u>
			%		
Área funcional de Pontevedra					
Pontevedra (1)	1	18	16	55	10
O Salnés	5	19	16	55	5
O Morrazo	5	13	25	47	10
Caldas	3	37	26	14	20
Provincia Pontevedra	2	18	25	48	7

(1): Inclúe o concello de Marín.

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, muller e xuventude., Estudio de Mercado Laboral, Prov de Pontevedra .

Cadro 2.14.

Demandas de emprego recibidas polo Servicio Galego de Colocación 1999: distribución segundo sexo e sector

	<u>Homes %</u>				<u>Licenciados/ Diplomados</u>
	<u>Agrario</u>	<u>Construcción</u>	<u>Industria</u>	<u>servicios</u>	
Área funcional					
Pontevedra (1)	6	12	18	59	5
O Salnés	6	18	22	51	3
O Morrazo	5	13	33	45	4
Caldas	6	24	25	43	2
	<u>Mulleres %</u>				<u>Licenciados/ Diplomados</u>
	<u>Agrario</u>	<u>Construcción</u>	<u>Industria</u>	<u>servicios</u>	
Área funcional					
Pontevedra (1)	2	-	7	85	6
O Salnés	2	-	13	80	5
O Morrazo	2	-	12	82	4
Caldas	4	-	13	79	4

(1): Inclúe o concello de Marín.

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, muller e xuventude., Estudio de Mercado Laboral, Prov de Pontevedra .

vincia e o 6% do orzamento total para a comunidade galega.

O **cadro 2.13.** reflicte a distribución de ofertas recollidas segundo os datos do Servicio Galego de Colocación nas distintas comarcas da área funcional de Pontevedra. Esta área funcional acolle o 30,4% das ofertas recollidas na provincia de Pontevedra, (1.910 ofertas das 6.281 da provincia no ano 1999). As comarcas de Pontevedra e O Salnés acollen o 77% das ofertas da área funcional e o 23% das ofertas totais da provincia. Pola contra, as ofertas recollidas na comarca de Caldas só representan o 3% do total da área funcional e o 1% do total de ofertas provinciais.

En canto á distribución porcentual das ofertas por sectores, tal como se mostra no **cadro 2.13.**, o sector servicios é o que recolle unha maior porcentaxe de ofertas en tódalas comarcas da área funcional agás na de Caldas, onde o sector da construción é o preponderante neste apartado. Nas comarcas de Pontevedra e O Salnés o 55% das ofertas totais están dirixidas ó sector servicios, mentres o segundo sector en importancia nestas comarcas é a construción, co 18% e o 19% das ofertas, respectivamente.

Na comarca do Morrazo, o 47% das ofertas corresponden ó sector servicios, seguido do sector industrial, co 25%, e do sector da construción, co 13%. Por último, na comarca de Caldas a distribución é a seguinte: 37% para a construción, 26% á industria e 14% ós servicios. En tódalas comarcas da área funcional o sector cun menor número de ofertas é o agrario, con porcentaxes inferiores ó 5%.

No que ás demandas de emprego recollidas se refire, **cadro 2.14.**, as demandas de emprego realizadas polas mulleres concéntranse no sector servicios, oscilando as porcentaxes entre o 75% de Caldas e o 85% de Pontevedra. Os sectores industrial e agrario son pouco demandados. Como nota característica, as demandas presentadas polas mulleres de postos de licenciados/diplomados superan ás demandas presentadas polos homes en tódalas comarcas consideradas agás no Morrazo, onde se atopan igualadas.

Os homes presentan un reparto máis distribuído entre os diferentes sectores, aínda que se aprecia certa desviación en distintos sectores. No caso de Pontevedra, os **cadros 2.13.** e **2.14.** reflicten unha demanda en exceso no sector servicios e na industria, cando deberían incidir máis no sector da construción. Na comarca do Salnés, os homes inciden demasiado na industria e demandan dun xeito insuficiente o sector da construción e os servicios.

Na comarca do Morrazo as ofertas son insuficientes para cubri-la demanda do sector da industria e dos servicios e na comarca de Caldas obsérvase unha demanda excesiva no sector servicios e deficiente na construción.

De xeito complementario ó Servicio Galego de Colocación, dende 1998 funciona a Rede de Orientación Laboral. O número total de beneficiarios destas accións de orientación ascendeu a 4.174 persoas na área funcional de Pontevedra, das que 1.242 son homes e 2.932 mulleres (**cadro 2.15.**).

A comarca de Pontevedra acolleu un

Cadro 2.15.

Beneficiarios das actuacións de orientación laboral 2000

	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Pontevedra	1.242	2.932	4.174
Pontevedra	443	1.041	1.484
O Salnés	416	845	1.261
O Morrazo	173	556	729
Caldas	210	490	700
Provincia de Pontevedra	4.572	9.903	14.475
Galicia	17.806	32.824	50.630

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Cadro 2.16.

Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2000

	Beneficiarios	Investimento
Área funcional de Pontevedra	2.160	679.981.326
Pontevedra	1.144	362.988.732
O Salnés	703	220.845.879
O Morrazo	193	55.885.943
Caldas	120	40.260.772
Provincia de Pontevedra	7.184	2.239.456.272
Galicia	18.698	6.001.621.666

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Cadro 2.17.

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2000

	Beneficiarios	Investimento
Área funcional de Pontevedra	1.211	623.629.447
Pontevedra	308	206.524.665
O Salnés	668	280.737.412
O Morrazo	169	101.066.385
Caldas	66	35.300.985
Provincia de Pontevedra	2.377	1.245.690.245
Galicia	7.545	4.056.297.996

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Cadro 2.18.

Beneficiarios das actuacións de orientación laboral e asesoramento para o autoemprego 2000

	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Pontevedra	1.769	3.543	5.317
Pontevedra	749	1.400	2.149
O Salnés	572	1.190	1.762
O Morrazo	224	521	745
Caldas	224	432	661
Provincia de Pontevedra	5.380	10.659	16.039
Galicia	18.683	31.675	50.358

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Cadro 2.19.

Programas de cooperación e escolas obradoiro 2000

	<u>Beneficiarios</u>	<u>Investimento</u>
Área funcional de Pontevedra	1.568	1.630.695.017
Pontevedra	501	576.221.110
O Salnés	418	385.031.545
O Morrazo	280	274.063.056
Caldas	369	395.379.306
Provincia de Pontevedra	3.079	3.229.593.109
Galicia	9.934	11.718.124.575

Fonte: *Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude*

total de 1.484 beneficiarios (o 35,5% do total da área funcional), seguida do Salnés con 1.261 beneficiarios (o 30,2%). As comarcas do Morrazo e Caldas son as que acadan un menor número de beneficiarios, con 729 e 700, respectivamente, o que supón o 17,4% e o 16,7% cada unha.

Comparando a área funcional co total dos consultantes da provincia de Pontevedra e co total de Galicia, os beneficiarios da área funcional de Pontevedra representan o 28,8% das persoas atendidas na provincia de Pontevedra e o 8,2% das de Galicia.

As actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral desenvolvidas na zona beneficiaron a un total de 2.160 traballadores da área funcional, o que representa o 30% do total de beneficiarios da provincia de Pontevedra e o 11,5% dos beneficiarios galegos. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 679,98 millóns de pesetas, que significa o 30,3% do total investido na provincia e o 11,3% do total investido en Galicia.

Na comarca de Pontevedra o número de beneficiarios ascendeu a 1.144 traballa-

dores, e o seu investimento a 362,98 millóns de pesetas. A segunda comarca en importancia, tanto polo número de beneficiarios como polo investimento, é O Salnés, con 703 beneficiarios e 220,84 millóns de pesetas de investimento. As comarcas do Morrazo e Caldas tiveron 193 e 120 beneficiarios, respectivamente, e 55,88 e 40,26 millóns de pesetas de investimento.

As medidas de fomento de emprego e da estabilidade laboral complétanse con medidas e axudas a novas iniciativas e outras fórmulas empresariais englobadas baixo o concepto de economía social. No ano 2000, na área funcional de Pontevedra, 1.211 traballadores beneficiáronse das axudas ó autoemprego e a economía social, que tiveron un investimento de 623,62 millóns de pesetas. A comarca do Salnés acolle o maior número de beneficiarios dentro da área funcional, con 668 e 280,73 millóns de pesetas de investimento, seguida da comarca de Pontevedra, con 308 beneficiarios e 206,52 millóns de pesetas de investimento. As comarcas do Morrazo e Caldas son as que menos beneficiarios acollen, con 169 e 66, e 101,06 e 35,30 millóns de pesetas de investimento, respectivamente.

En termos relativos, a área funcional de Pontevedra acolle o 50,9% do total de beneficiarios da provincia de Pontevedra e o 16% dos beneficiarios totais de Galicia, en tanto que o investimento neste tipo de actuacións representa o 50% do investido en Pontevedra e o 15,3% do investido en Galicia.

Finalmente, no que ós programas de cooperación e escolas-obradoiro se refire, un total de 1.568 persoas beneficiáronse deste tipo de actuacións, que recibiron un investimento de 1.630,69 millóns de pesetas. Pontevedra foi a comarca con maior número de beneficiarios, 501, e con maior investimento, 576,22 millóns de pesetas, seguida do Salnés con 418 beneficiarios e 385,03 millóns de pesetas. As comarcas do Morrazo e Caldas acolleron a 280 e 369 beneficiarios, cun investimento de 274,06 e 395,37 millóns de pesetas, respectivamente.

En termos relativos, o número de beneficiarios da área funcional de Pontevedra representa o 50,9% do total de beneficiarios da provincia de Pontevedra e o 15,7% dos da comunidade galega, en tanto que as porcentaxes para o caso do investimento son do 50,4% e do 13,9%, respectivamente. ■